



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Rúa Fotógrafo Luís Ksado nº 17, 36209 en Vigo (Pontevedra)

Circular 2/2022: Licenzas federativas 2023

Desexamos comunicar aos clubs galegos rexistrados na Federación Galega de Montañismo que atendendo ao Regulamento de licenzas aprobado pola FGM no ano 2021, vixente hoxe en día (excepto as cotas de licenzas que figuran no anexo deste regulamento), ningún club galego, a día de hoxe, será eliminado da base de datos desta FGM por non ter un mínimo de federados, porque este aspecto non está contemplado neste regulamento.

https://fedgalmon.gal/wp-content/uploads/2022/04/3_Regulamento-de-Licenzas-F.G.-Montanismo-4-1.pdf

As licenzas federativas do ano 2023, **poderanse tramitar a partir das 11 h do 23 de decembro de 2022. Toda a información referente a estas licenzas a poderedes atopar no seguinte enlace:** <https://fedgalmon.gal/licenza/>

Para que os clubs poidades realizar a tramitación das licenzas federativas, tedes que ir a este enlace: <https://fgm.playoffinformatica.com/FormLogin.php>

Para poder tramitar a licenza é obrigatorio **incluír na base de datos do PlayOff o enderezo electrónico e teléfono de cada federado (non pode utilizar de modo xeneralizado o enderezo electrónico nin o teléfono do club)**, para despois poder descargar a licenza a través da aplicación Paso a Paso da FEDME. En caso de menores, será o teléfono e enderezo electrónico da nai/pai ou titor/a.

No caso de ter dereito a bonificación do 50 % do importe do seguro de accidentes, debe indicarse o enderezo electrónico da nai/pai ou titor/a que estea federado na FGM.

APLICACIÓN GERAPLI

Como moi tarde no mes de marzo, as licenzas tramitaranse a través de la App “GERAPLI”. Dende esta aplicación, (actualmente en fase de proba), poderase introducir e xestionar as licenzas FEDME e as licenzas autonómicas.

Para entón a FGM realizará unha pequena formación específica para o persoal federativo e para as persoas que tramitan as licenzas nos clubs galegos, coa finalidade de realizar unha



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Rúa Fotógrafo Luís Ksado nº 17, 36209 en Vigo (Pontevedra)

transformación dixital de forma coherente e sen complicacións, grazas a colaboración do noso Vogal de Comunicación e Transformación Dixital Miguel Bernárdez.

Esta aplicación facilitará a redución de gastos á FGM, pois deixará de utilizar unha plataforma Play Off de tramitación de licenzas, a cal supoñía un custe mensual de 424,36 € (5.092,32 € anuais).

Por outra banda ademais de reducir utilización de PVC, reducimos uns custes aproximados de tarxetas e impresión de 15.000 €.

LICENZA EN SOPORTE PVC DA LICENZA FEDME E AUTONÓMICA

En canto a licenzia FEDME:

- Atendendo ao “Plan Estratéxico da FEDME” 2021-2024 (ORG_3.2) e sendo coherentes co plan de dixitalización do máximo posible das xestións da FEDME, as licenzas nacionais van a subministrarse única e exclusivamente mediante FORMATO DIXITAL.
- É por iso que este ano, a FEDME non vai producir as tarxetas de plástico dando un paso adiante na adaptación ás novas tecnoloxías, á vez que actuando máis coherentemente coa redución do impacto ambiental e obtendo un aforro importante de custos que supoñían as tarxetas de PVC.
- Tamén poderá obterse e tela actualizada mediante a App “PASO A PASO”, para dispositivos Android e iOS, no apartado “Licenzas”, para o que o usuario deberá rexistrarse. Como usuario rexistrado, poderá gozar do resto de funcións e utilidades da aplicación (Inscripcións, Noticias, Carreiros, Tenda, Club FEDME, suxerencias, etcétera).
- A licenzia visualizarase unha vez os datos sexan recibidos na FEDME.
- Na pasada asemblea tomouse o acordo de eliminar as licenzas en plástico de forma gratuíta por sustentabilidade medio ambiental.
- **Os clubs terán a posibilidade de solicitar en plástico como máximo o 10 % do número de licenzas, tendo en conta a totalidade das licenzas tramitadas no ano 2022.**

Exemplo: se un club tramitou no ano 2022, 153 licenzas, lle correspondería como máximo de forma gratuíta 15 licenzas en PVC.

- A partir desta porcentaxe, as persoas que desexen ter a licenzia federativa en formato plástico, deberán pagar 3 euros. A decisión das persoas que levarán expedidas as



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Rúa Fotógrafo Luís Ksado nº 17, 36209 en Vigo (Pontevedra)

licenzas en PVC serán do club. Os clubs enviarán unha listaxe cos datos do 10 % antedito, para que a FGM imprima en formato PVC estas licenzas de forma gratuíta.

- Así mesmo informámosvos que, no seu momento, a Asemblea da FEDME decidiu premiar o esforzo que realizan os clubs de montaña eximindo da cota anual de 100 € a todos aqueles clubs que tivesen como mínimo 5 tarxetas federativas FEDME durante o ano. O ano no que o Club se dá de alta non se require o pago da cota anual.

En canto a licenzas autonómicas:

- Polo de agora ata que non se poda descargar a licenzas autonómicas a través da aplicación Paso a Paso, seguiranse imprimindo as licenzas en formato PVC. En canto sexa posible a descarga da licenzas autonómicas nesta aplicación, comunicaráse a todos os clubs este feito, e deixarase de imprimir as licenzas en formato PVC, a non ser que se solicite e se realice o pago de 3 euros por licenzas federativas.

Por outra banda ademais de reducir utilización de PVC, reducimos uns custes aproximados de tarxetas e impresión de 15.000 €.

Este ano haberá varias novidades referente ás licenzas federativas:

1. **Por primeira vez na FGM haberá unha licenzas de Inclusión Social** (B IS), coas mesmas coberturas que a licenzas B de ámbito nacional. Para poder tramitar esta licenzas hai que achegar unha copia do certificado de discapacidade igual ou superior do 33%.
2. **Haberá licenzas infantil na modalidade OT.**
3. Estase xestionando a posibilidade de que todos os rapaces/zas de 6 a 16 anos que **estean en escolas deportivas teñan un seguro deportivo gratuíto do programa XOGADE da Xunta de Galicia** (para realizar adestramentos nunha instalación deportiva cun técnico/a e para asistir a competicións que estean no calendario federativo). Cando a tramitación desta licenzas estea operativa, informarase a todos os clubs, e enviarase toda a información referente a mesma.
4. O límite de idade das modalidades A, B, C, e D era de 89 anos, e para a modalidade E era de 75 anos no ano 2022, agora no 2023 todas elas ampliáanse ata os 95 anos.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO
G36630259

Rúa Fotógrafo Luís Ksado nº 17, 36209 en Vigo (Pontevedra)

5. Melloras propostas na Asistencia no Estranxeiro coa póliza AON_ALLIANZ contratada:

- ✓ Allianz Global Assistance dará cobertura no Estranxeiro para todos os federados que teñan un accidente.
- ✓ Servizo 24 horas ao día 365 días ao ano.
- ✓ Compañía especializada en asistencia en viaxe internacional, líder mundial en Seguros de Viaxe, e Servizos de Asistencia Persoal.
- ✓ Máis de 13.000 empregados cualificados que falan 58 idiomas diferentes e son responsables de centros de operacións nos 5 continentes.
- ✓ Prestación directa sen necesidade de adiantos ou reembolsos posteriores

6. AON conta co servizo de 2ª Opinión Médica para aqueles expedientes que a compañía exclúe por diferentes motivos; Lesións Preexistentes, Crónicas, etc.

- O Servizo Médico tras revisar o expediente elabora un informe que enviamos á compañía para rebater a exclusión no caso que entenda que se debería ter cobertura.

- Para a Federación/Club e Federado deste servizo xéralles a confianza de saber que teñen a súa disposición un médico gratuíto para que lles garanta a súa asistencia.

7. AON pon ao dispor da federación a súa Plataforma de Atención ao Federado para axudar en:

- Tramitación e encher os partes de Accidentes.
- Información acerca da evolución do seu expediente.
- Información das autorizacións de:
 - ✓ Probas Diagnosticas (Resonancias Magnéticas, etc..)
 - ✓ Preoperatorios
 - ✓ Intervencións Cirúrxicas



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO
G36630259

Rúa Fotógrafo Luís Ksado nº 17, 36209 en Vigo (Pontevedra)

Prezo das Licenzas Federativas ano 2023

Só serán vinculantes as pólizas e condicións particulares asinadas, rexistradas, vixentes e en poder da compañía de seguros e da Federación Galega de Montañismo. Para máis datos deben dirixirse ao seu club de montaña federado.

En caso de viaxes ao estranxeiro é conveniente consultar a información del [Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación](#) sobre "Recomendacións de viaxe", para coñecer que trámites deben realizarse previamente para entrar ou saír do país en cuestión (visados, vacinas, validez de documentos, etc.).

Xunto a esta circular achéganse estes documentos, que tamén podedes descargar dende os seguintes enlaces:

1. Prezos de Licencias FGM 2023, <https://fedgalmon.gal/licenza/>
2. Desagregación de importes das licenzas FGM 2023, <https://fedgalmon.gal/licenza/>
3. O Protocolo de actuación en caso de accidentes ALLIANZ_FGM 2023, <https://fedgalmon.gal/accidente/>
4. O cadro médico ALLIANZ España 2023, <https://fedgalmon.gal/accidente/>

Vigo, 23 de decembro de 2022

Anxo Fernández Saborido
O secretario xeral da FGM

V.ª e pr. Josefina Maestu Almeida
A presidenta da FGM